



**ACTA XUNTA DE GOBERNO**  
**SESIÓN ORDINARIA DE CATRO DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E DOUS**  
**(ACTA NÚMERO 08)**

**Presidente:**

D. José Tomé Roca

**Sres. Deputados:**

D<sup>a</sup>. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D<sup>a</sup>. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D<sup>a</sup>. Mónica Freire Rancaño

**Secretario:**

D. José Antonio Mourelle Cillero

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **catro de marzo de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación

Actúa de Secretario D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste Sr. Deputado D. José Luis Raposo Magdalena.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E CINCO DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e cinco de febreiro de dous mil vinte e dous que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

**2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DAS PRESTACIÓNS A PERSOAS MAIORES NOS CENTROS DE ATENCIÓN MAIORES DE POL E A FONSAGRADA.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación das prestacións a persoas maiores nos centros de atención maiores de Pol e A Fonsagrada, consta no mesmo:

Providencia de inicio de expediente de contratación, con CSV: IV7CY2BP337K3WXS6NAWAZXSGM<sup>1</sup>.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7CY3CYHIU4R6MIUFXACQJWAQ.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7CY2XMB5OJV6MY274UCNTECA.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7CY2ICPUEKROJMQVMNG5IVN4.

---

<sup>1</sup>Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV:  
IV7CYYLJJAB3SVF3DVURKA3SOI.

Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV:  
IV7CYYL6LV7C4WM4AEA EK327KU.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV:  
IV7CYYP33RFPWTVZAE5HMBHRGI.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar a contratación das prestacións a persoas maiores nos centros de atención maiores de Pol e A Fonsagrada, expediente 2022/CON\_02/000015, con duración desde o 21.06.2022 (inicio previsto) ata o 20.06.2023, ambos incluídos, mais 3 posibles prórrogas (1 [21.06.2023 ata o 20.06.2024]+1 [21.06.2024 ata o 20.06.2025]+ ata 12 meses mais [21.06.2025 ata o 20.06.2026]) e como máximo ata o 20.06.2026, data na que remata a vixencia dos convenios, xa que o contrato está vinculado directamente co compromiso establecido polos convenios marcos e específicos entre a Deputación de Lugo e os Concellos.

**2º.-** Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

**3º.-** Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do

mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 1.350.576,93 €, ao que se aplicará un IVE do 4%, 54.023,07 €, o que fai un total de 1.404.600,00 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.

O importe do contrato ascende a 1.404.600,00 €, IVE incluído, e financiase de acordo as seguintes anualidades:

CENTRO	APLICACIÓN	TOTAL	2022	RC/22	2023	RC/23
CAM POL. LOTE I	2315.22799	750.780,00	399.044,71	220219/871	351.735,29	220219/785
CAM FONSAGRADA. LOTE II	2315.22799	653.820,00	347.509,81	220219/887	306.310,19	220219/891
SUMAS		1.404.600,00	746.554,52		658.045,48	

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2022, polo importe relacionado, para a anualidade 2022.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2023 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

### **3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS VETERINARIOS NA GRANXA PROVINCIAL GAYOSO CASTRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Lote 1 - Servizo veterinario clínico con servizo de urxencias 24 horas.



Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 25 de febreiro de 2022, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Proposta de inicio de expediente e memoria xustificativa, con CSV: IV7F5SLZ2FUC3LFJ4MGH65CRP4<sup>2</sup>.

Prego de prescricións técnicas, asinado pola Directora da Granxa Gayoso Castro, CSV: IV7F5SISLYW6ZROOBXQHA4CPKM.

Informe de Intervención relativo a gasto anticipado, con CSV: IV7F6XTLNN7SVKF7XVMUGUHAEU.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7F6CJOFNR3TH5KSBOWP72A4I.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7F6CI6NQ7MRCPT4EQA4BKCIIE.

Informe de Intervención, con CSV: IV7F6CP5IEN3RXNOVR5QEFZCEU.

Proposta de Presidencia, con CSV IV7F6AH6HMNYV6WT6RUH4BKCMQ.

Acordo da Xunta de Goberno de data 29 de outubro de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7F7TLJ3U6P6RGYURHDMFBT7Y.

Acta da Mesa de Contratación do día 23 de novembro de 2021, con CSV IV7F2LTCGD4NIT6D4UGHEB2UGU, que acordou o seguinte:

(...) “Pola Presidencia dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres A dos licitadores concorrentes a esta

---

<sup>2</sup>Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

licitación, que segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público son os seguintes:

Lote 1 - Servizo veterinario clínico con servizo de urxencias 24 horas.

Jesús Muínelo González

Ser. Vet. Meilan SLP

Lote 2 - Servizo veterinario especializado en podoloxía para o desenvolvemento do programa de prevención de coxeiras e problemas podais.

Diego Villasante Armas

Lote 3 - Servizo veterinario especializado en reprodución e mellora xenética, para o desenvolvemento do control reprodutivo e o programa de mellora xenética.

Xénese E.T.E. Veterinarios S.L.

Dada conta ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado este, e considerando que todas as empresas concorrentes presentaron dentro do prazo concedido a tales efectos as súas propostas, a Mesa de Contratación acorda admitir as ofertas presentadas por todos os licitadores, procedendo acto seguido á cualificación dos sobres electrónicos A, cos seguintes resultados:

No Anexo I, presentado polo licitador Diego Villasante Armas para o Lote 2, non está cumprimentado o apartado 16 (ter previsto ou non recorrer á capacidade doutras entidades). A Mesa de Contratación acorda considerar que o licitador non ten previsto neste momento recorrer á capacidade doutras entidades.

Polo tanto, a Mesa de Contratación considera que os Anexos I presentados polos licitadores axústanse aos requisitos recollidos no PCAP.

A Mesa de Contratación acorda admitir as propostas ao proceso de adxudicación e proceder á apertura do sobre B (sobre electrónico), relativo aos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, recollidos no PCAP, resultando que todos os licitadores presentan a memoria técnica.



A Mesa acorda enviar a documentación contida nos sobres B presentados polos licitadores a informe e valoración da Granxa Gayoso Castro.”

Acta da Mesa de Contratación do día 2 de decembro de 2021, con CSV IV7FEGTYJIZYVG4PYP4RI5IX6A, que acordou o seguinte:

“Pola Presidencia dáse conta que, pola Directora da Granxa Gayoso Castro emitíuse informe de valoración dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, con CSV IV7F3WQMYH43X2RDUPXAERB74Q, que conclúe:

Visto o sinalado anteriormente, propónse a seguinte asignación de puntuación nos criterios de adxudicación avaliábeis mediante xuízo de valor ás licitadoras vinculadas co expediente de contratación 2021/CON\_02/000045, correspondente á Contratación da prestación de servizos veterinarios na Granxa Provincial Gayoso Castro da Deputación Provincial de Lugo:

**Lote 1. Servizo veterinario clínico con servizo de urxencias 24 horas.**

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR ( 25 puntos)		JESÚS MUINELO GONZÁLEZ	SER. VET. MEILAN SLP
CUALITATIVO.CRITERIONº 4. DETALLE DO PROGRAMA SANITARIO PROPOSTO. (10 puntos)	Descrición de estratexias (5puntos )	3 puntos	2 puntos
	Descrición de principios (5 puntos)	4 puntos	2 puntos
CUALITATIVO.CRITERIONº 5. DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO. (15 puntos)	Descrición detallada das actividades (10 puntos)	5 puntos	6 puntos
	Calidade do servizo (5 puntos)	3 puntos	4 puntos
TOTAL CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR		15 puntos	14 puntos

**Lote 2. Servizo veterinario especializado en podoloxía, para o desenvolvemento do programa de prevención de coxeiras e problemas podais.**

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR ( 25 puntos)		DIEGO VILLASANTE ARMAS
CUALITATIVO.CRITERIONº 4. DETALLE DO PROGRAMA SANITARIO PROPOSTO. (10 puntos)	Descrición de estratexias (5puntos )	3 puntos
	Descrición de principios (5 puntos)	3 puntos
CUALITATIVO.CRITERIONº 5. DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO.(15 puntos)	Descrición detallada das actividades (10 puntos)	5 puntos
	Calidade do servizo (5 puntos)	4 puntos
TOTAL CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR		15 puntos

Lote 3. Servizo veterinario especializado en reprodución e mellora xenética, para o desenvolvemento do control reprodutivo e o programa de mellora xenética.

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR ( 25 puntos)		XÉNESE E.T.E. VETERINARIOS S.L
CUALITATIVO.CRITERIONº 4. DETALLE DO PROGRAMA SANITARIO PROPOSTO. (10 puntos)	Descrición de estratexias (5puntos )	3 puntos
	Descrición de principios (5 puntos)	3 puntos
CUALITATIVO.CRITERIONº 5. DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO. (15 puntos)	Descrición detallada das actividades (10 puntos)	5 puntos
	Calidade do servizo (5 puntos)	3 puntos
TOTAL CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR		14 puntos

O informe de valoración de criterios avaliados mediante xuízo de valor foi asumido polos integrantes da mesa de contratación. Acto seguido, unha vez feitas públicas as puntuacións obtidas no apartado de criterios cualitativos cuantificables mediante xuízo de valor, procédese á apertura do sobre “C”, resultando o seguinte:

Lote 1. Servizo veterinario clínico con servizo de urxencias 24 horas.

OFERTA CRITERIOS AUTOMÁTICOS	JESÚS MUINELO GONZÁLEZ	SER. VET. MEILAN SLP
CRITERIO Nº 1. PORCENTAXE DE BAIXA SOBRE OS PREZOS UNITARIOS.	20%	21%
CRITERIO Nº 2. TEMPO MÁXIMO DE RESPONSA	Ata 15 minutos	Ata 20 minutos
CRITERIO Nº 3. TRASLADO DE ANIMAIS A CLÍNICA VETERINARIA, ETC.	si	si

Lote 2. Servizo veterinario especializado en podoloxía, para o desenvolvemento do programa de prevención de coxeiras e problemas podais.

OFERTA CRITERIOS AUTOMÁTICOS	DIEGO VILLASANTE ARMAS
CRITERIO Nº 1. PORCENTAXE DE BAIXA SOBRE OS PREZOS UNITARIOS.	0
CRITERIO Nº 2. TEMPO MÁXIMO DE RESPONSA	24 hs

Lote 3. Servizo veterinario especializado en reprodución e mellora xenética, para o desenvolvemento do control reprodutivo e o programa de mellora xenética.

OFERTA CRITERIOS AUTOMÁTICOS	XÉNESE E.T.E. VETERINARIOS
CRITERIO Nº 1. PORCENTAXE DE BAIXA SOBRE OS PREZOS UNITARIOS.	20%
CRITERIO Nº 2. INCORPORACIÓN DE TRABALLADORAS MULLERES.	1

Da aplicación dos criterios de valoración das proposicións presentadas (criterios avaliados automaticamente), obtivéronse os seguintes resultados:





Lote 1. Servizo veterinario clínico con servizo de urxencias 24 horas.

VALORACIÓN	JESÚS MUINELO GONZÁLEZ	SER. VET. MEILAN SLP
VALORACIÓN CRITERIO Nº 1. PORCENTAXE DE BAIXA SOBRE OS PREZOS UNITARIOS.	42,86	45
VALORACIÓN CRITERIO Nº 2. TEMPO MÁXIMO DE RESPONSA	20	16
VALORACIÓN CRITERIO Nº 3. TRASLADO DE ANIMAIS A CLÍNICA VET., ETC	10	10
VALORACIÓN CRITERIOS AUTOMÁTICOS	72,86	71
VALORACIÓN CRITERIOS JUICIO VALOR	15	14
TOTAL	87,86 PUNTOS	85 PUNTOS

Lote 2. Servizo veterinario especializado en podoloxía, para o desenvolvemento do programa de prevención de coxeiras e problemas podais.

VALORACIÓN	DIEGO VILLASANTE ARMAS
VALORACIÓN CRITERIO Nº 1. PORCENTAXE DE BAIXA SOBRE OS PREZOS UNITARIOS	0
VALORACIÓN CRITERIO Nº 2. TEMPO MÁXIMO DE RESPONSA	30
VALORACIÓN CRITERIOS AUTOMÁTICOS	30
VALORACIÓN CRITERIOS JUICIO VALOR	15
TOTAL	45 PUNTOS

Lote 3. Servizo veterinario especializado en reprodución e mellora xenética, para o desenvolvemento do control reprodutivo e o programa de mellora xenética.

VALORACIÓN	XÉNESE E.T.E. VETERINARIOS
VALORACIÓN CRITERIO Nº 1. PORCENTAXE DE BAIXA SOBRE OS PREZOS UNITARIOS	45
VALORACIÓN CRITERIO Nº 2. INCORPORACIÓN DE TRABALLADORAS MULLERES.	15
VALORACIÓN CRITERIOS AUTOMÁTICOS	60
VALORACIÓN CRITERIOS JUICIO VALOR	14
TOTAL	74 PUNTOS

Acto seguido procédese á comprobación de se algunha das propostas está incurso en valores anormais ou desproporcionados en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, sendo que ningunha das ofertas se atopa nesta situación.

A Mesa de contratación acorda elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

Clasificar aos licitadores presentados, atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

LOTE 1 N° ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	JESÚS MUINELO GONZÁLEZ	87,86 PUNTOS
2	SER. VET. MEILAN SLP	85 PUNTOS

LOTE 2 N° ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	DIEGO VILLASANTE ARMAS	45 PUNTOS

LOTE 3 N° ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	XÉNESE E.T.E. VETERINARIOS	74 PUNTOS

Requirir a Jesús Muinelo González, Diego Villasante Armas e Xénese E.T.E. Veterinarios para que no prazo dez días hábiles presenten, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade. Contra o presente acordo, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

LOTE	LICITADOR	PREZO DE ADXUDICACIÓN (ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN)	IMPORTE DA GARANTÍA 5%
1	JESÚS MUINELO GONZÁLEZ	35.236,00 euros	1.761,80 €
2	DIEGO VILLASANTE ARMAS	5.600,00 euros	280,00 €
3	XÉNESE E.T.E. VETERINARIOS	55.558,00 euros	2.777,90 €

Acta da Mesa de Contratación do día 13 de xaneiro de 2022, con CSV IV7CQXPTPPX74X4Y2ZHTOLRDCY, que acordou o seguinte:



“Respecto da documentación relacionada na cláusula décimo sétima do PCAP e no artigo 150 da LCSP, unha vez facilitada de xeito electrónico aos membros da mesa de contratación, se detecta o seguinte:

Lote 1 - Servizo veterinario clínico con servizo de urxencias 24 horas:

Non acredita a solvencia económica nin a solvencia técnica por ningún dos medios recollidos na cláusula 17.1.7 do PCAP.

Non aporta a declaración responsable esixida na cláusula 17.1.8 do PCAP.

O resto de documentación é correcta, incorporándose ao expediente: certificación positiva do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo e Carta de Pago da garantía, emitida pola Tesourería Provincial.

Lote 2 - Servizo veterinario especializado en podoloxía para o desenvolvemento do programa de prevención de coxeiras e problemas podais.

Non acredita a solvencia económica por ningún dos medios recollidos na cláusula 17.1.7 do PCAP.

Non aporta a declaración responsable esixida na cláusula 17.1.8 do PCAP.

O resto de documentación é correcta, incorporándose ao expediente: certificación positiva do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo e Carta de Pago da garantía, emitida pola Tesourería Provincial.

Lote 3 - Servizo veterinario especializado en reprodución e mellora xenética, para o desenvolvemento do control reprodutivo e o programa de mellora xenética.

Presenta unha declaración dos principais servizos realizados de igual ou similar natureza que as que constitúen o obxecto do contrato durante os últimos tres anos, pero non a compañía dos documentos que acrediten a realización da prestación.

O resto de documentación é correcta, incorporándose ao expediente: consulta de inscrición da sociedade no Rexistro Mercantil, certificado da AEAT e certificacións da Seguridade Social que foran presentadas pola empresa no sobre que contén a declaración de cumprimento de requisitos previos, certificación positiva do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo, Carta de Pago da garantía emitida pola Tesourería Provincial e informe da Granxa sobre concreción das condicións de solvencia.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou por unanimidade dos seus integrantes:

Lote 1- Servizo veterinario clínico con servizo de urxencias 24 horas:

Requirir a Jesús Muínelo González para que, no prazo de tres días hábiles presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación seguinte:

Solvencia económica e financeira: Deberá acreditarse por algún dos seguintes medios (empresario individual):

Volume anual de negocios, referido ao ano de maior volume de negocios dos tres últimos concluídos. A estes efectos, o volume anual de negocios deberá ser como mínimo unha vez e media o valor anual medio do contrato: 52.854,00 €. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

Xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior ao valor estimado do lote correspondente: 84.566,40 €. A acreditación deste requisito efectuarase por medio de certificado expedido polo asegurador, no que consten os importes e riscos asegurados e a data de vencemento do seguro, e mediante o documento de



compromiso vinculante de subscripción, prórroga ou renovación do seguro, nos casos en que proceda.

Solvencia técnica ou profesional: Deberá acreditarse polo seguinte medio:

Unha relación dos principais servizos realizados de igual o similar natureza que as que constitúen o obxecto do contrato durante os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos.

Os servizos realizados acreditaranse mediante certificados ou visados expedidos polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañada dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

O requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior a: 24.665,20 €.

Declaración responsable onde se concreten os medios persoais e materiais que adscribirá á execución do contrato (que serán como mínimo os esixidos no PCAP, no PPT e no punto 9 da Memoria xustificativa), na que se recolla expresamente o compromiso firme de mantelos dispoñibles durante a vixencia do contrato.

Poderá integrarse a solvencia requirida nesta cláusula con medios externos de conformidade co previsto no PCAP e no artigo 76 da LCSP.

Lote 2 - Servizo veterinario especializado en podoloxía para o desenvolvemento do programa de prevención de coxeiras e problemas podais:

Requirir a Diego Villasante Armas para que, no prazo de tres días hábiles presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación seguinte:

Solvencia económica e financeira: Deberá acreditarse por algún dos seguintes medios (empresario individual):

Volume anual de negocios, referido ao ano de maior volume de negocios dos tres últimos concluídos. A estes efectos, o volume anual de negocios deberá ser como mínimo unha vez e media o valor anual medio do contrato: 8.400,00 €. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

Xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior ao valor estimado do lote correspondente: 13.440,00 €. A acreditación deste requisito efectuarase por medio de certificado expedido polo asegurador, no que consten os importes e riscos asegurados e a data de vencemento do seguro, e mediante o documento de compromiso vinculante de subscrición, prórroga ou renovación do seguro, nos casos en que proceda.

Declaración responsable onde se concreten os medios persoais e materiais que adscribirá á execución do contrato (que serán como mínimo os esixidos no PCAP, no PPT e no punto 9 da Memoria xustificativa), na que se recolla expresamente o compromiso firme de mantelos dispoñibles durante a vixencia do contrato.

Poderá integrarse a solvencia requirida nesta cláusula con medios externos de conformidade co previsto no PCAP e no artigo 76 da LCSP.

Lote 3 - Servizo veterinario especializado en reprodución e mellora xenética, para o desenvolvemento do control reprodutivo e o programa de mellora xenética:

Requirir a Xénese E.T.E. Veterinarios, S.L. para que, no prazo de tres días hábiles presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación seguinte:



Certificados ou visados expedidos polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañada dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente. O requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior a: 38.890,60 €.”

Acta da Mesa de Contratación do día 1 de febreiro de 2022, con CSV IV7CSOKI2FPYTFJ65VQU4V3UF4, na que se recolle:

“Aos efectos de examinar a subsanación da documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que os licitadores presentaron, en prazo, a través da sede electrónica da Deputación, a seguinte documentación:

Lote 1 - Servizo veterinario clínico con servizo de urxencias 24 horas (Jesús Muínelo González):

Solvencia económica e financeira: Presenta certificado ao seu nome da póliza de R.C. colectiva que o Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España ten subscrita para os seus colexiados, por un importe asegurado por sinistro de 600.000 euros, superior ao esixido no PCAP.

Solvencia técnica ou profesional: Presenta un certificado asinado polo propio Jesús Muínelo González pero non presenta unha relación dos principais servizos realizados, nin certificados nin documentos que acrediten a realización da prestación por importe anual acumulado igual ou superior a 24.665,20 €. Polo que non acredita a solvencia técnica ou profesional.

Declaración responsable onde se concreten os medios persoais e materiais que adscribirá á execución do contrato: Presenta declaración e título de veterinario.

Lote 2 - Servizo veterinario especializado en podoloxía para o desenvolvemento do programa de prevención de coxeiras e problemas podais (Diego Villasante Armas):

Solvencia económica e financeira: Presenta certificado ao seu nome da póliza de R.C. colectiva que o Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España ten subscrita para os seus colexiados, por un importe asegurado por sinistro de 600.000 euros, superior ao esixido no PCAP.

Declaración responsable onde se concreten os medios persoais e materiais que adscribirá á execución do contrato: Presenta declaración e título de veterinario. Incorporouse informe da Granxa sobre concreción das condicións de solvencia.

Incorpórase, pola unidade xestora, a póliza completa na que consta unha duración de dous anos a contar desde o día 1 de xaneiro de 2020 e que a póliza renovarase automaticamente. Incorpórase así mesmo correo electrónico do Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España, tomador da póliza, enviado a través do Colexio de Lugo, informando que ditos colexiados están dentro da póliza para o ano 2022.

Polo tanto, a póliza está en vigor, está vinculada á habilitación para o exercicio da profesión e non procede presentar compromiso vinculante de subscrición, prórroga ou renovación do seguro por tratarse dunha póliza colectiva na que o licitador é unicamente asegurado e non tomador do seguro.

Lote 3 - Servizo veterinario especializado en reprodución e mellora xenética, para o desenvolvemento do control reprodutivo e o programa de mellora xenética (Xénese E.T.E. Veterinarios, S.L.): Presenta certificados de varias empresas que superan o importe esixido en canto a solvencia técnica, así como facturas polos traballos realizados.

En canto ao Lote 1, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Presidencia, se adopten os seguintes acordos:

Excluír a proposta presentada por Jesús Muínelo González, para o Lote 1 - Servizo veterinario clínico con servizo de urxencias 24 horas por non acreditar a solvencia técnica ou profesional esixida no PCAP, tendo por retirada a súa oferta, e proceder á devolución da garantía





depositada por Jesús Muinelo González en concepto de garantía definitiva (número expediente 2021/XEN\_01/004786, número de operación 320210019158 número de ingreso 20210025262).

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite contemplado no artigo 44.2 da LCSP, procede interpoñer – con carácter potestativo- recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, con enderezo en <https://tacgal.xunta.gal/>. A iniciación do procedemento para a interposición do recurso especial en materia de contratación está prevista no artigo 50 da LCSP, sendo o prazo de interposición de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte a aquel en que se teña coñecemento do acto, de conformidade coa D.A.15º da LCSP.

De acordo coa clasificación dos licitadores e o disposto no artigo 150.2 da LCSP, requirir ao seguinte licitador, segundo a puntuación emitida no Lote 1 - Servizo veterinario clínico con servizo de urxencias 24 horas, Ser. Vet. Meilan SLP, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a efectiva disposición dos medios que se tivese comprometido a adscribir á execución do contrato e a constitución da garantía definitiva por importe de 1.761,80 €, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

En canto aos lotes 2 e 3, a Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopten os seguintes acordos:

Adxudicar a Diego Villasante Armas a contratación do Lote 2 - Servizo veterinario especializado en podoloxía para o desenvolvemento do programa de prevención de coxeiras e problemas podais, expediente 2021/CON\_02/000045, polo importe máximo total de 5.600,00 euros

€, ao que se aplicará un IVE do 10%, 560,00 €, o que fai un total de 6.160,00 € para un ano de contrato, cun desconto do 0% sobre os prezos unitarios e un prazo máximo de resposta de 24 horas.

Adxudicar a Xénese E.T.E. Veterinarios, S.L. a contratación do Lote 3 - Servizo veterinario especializado en reprodución e mellora xenética, para o desenvolvemento do control reprodutivo e o programa de mellora xenética, expediente 2021/CON\_02/000045, polo importe máximo total de 55.558,00 €, ao que se aplicará un IVE do 10%, 5.555,80 €, o que fai un total de 61.113,80. € para un ano de contrato, cun desconto do 20% sobre os prezos unitarios e adscrición ao contrato dunha traballadora (muller).

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 25 de febreiro de 2022, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP do lote 1, de Ser. Vet. Meilan SLP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente.

En concreto, presenta: copias do DNI e CIF, escritura de constitución da sociedade, inscrita no Rexistro Mercantil de Lugo, na que figura o representante como administrador solidario, contas de 2020 depositadas, relación de traballos e certificados de empresas, por importes superiores aos esixidos, así como certificado do Colexio de Veterinarios.

Incorpórase documentación obtida polo Servizo de Contratación: certificados de alta en IAE, da AEAT, da Seguridade Social, certificado da Recadación Provincial, carta de pago da garantía depositada e informe de cumprimento de solvencia.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.



A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Ser. Vet. Meilan SLP. a contratación do Lote 1 - Servizo veterinario clínico con servizo de urxencias 24 horas, expediente 2021/CON\_02/000045, polo importe máximo total de 35.236,00 €, ao que se aplicará un IVE do 10%, 3.523,60 €, o que fai un total de 38.759,60 € para un ano de contrato, cun desconto do 21% sobre os prezos unitarios e un tempo máximo de resposta de ata 20 minutos.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a Ser. Vet. Meilan SLP. a contratación do Lote 1 - Servizo veterinario clínico con servizo de urxencias 24 horas, expediente 2021/CON\_02/000045, polo importe máximo total de 35.236,00 €, ao que se aplicará un IVE do 10%, 3.523,60 €, o que fai un total de 38.759,60 € para un ano de contrato, cun desconto do 21% sobre os prezos unitarios, un tempo máximo de resposta de ata 20 minutos e compromiso de traslado a clínica veterinaria, hospital veterinario ou centro especializado, ida e volta, por conta do adxudicatario, máximo tres cabezas de gando ao ano.

2º.- O importe do contrato financiase de acordo as seguintes anualidades, tendo en conta que o comezo das prestacións será en abril de 2022:

APLICACIÓN	IMPORTE (SEN IVE)	IVE	TOTAL	2022 (SEN IVE)	D/22	2023 (SEN IVE)	D/23
4120.22799	35.236,00	3.523,60	38.759,60	26.427,00	92022/2068	8.809,00	920229/58

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2022.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2023 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.

3º.- A duración deste contrato é de un ano, prorrogable anualmente sen que a duración total do contrato (incluídas as prórrogas), supere os dous anos (1+1). Este prazo empezará a contar a partir da subscripción da acta de inicio da prestación do servizo, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato; salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP.

4º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houberse interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### **4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MOBILIARIO PARA DISTINTOS SERVIZOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:



“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 25 de febreiro de 2022, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Memoria xustificativa e providencia de inicio, elaborada pola Unidade de Proxectos, con CSV IV7FZXR6YBFZ3KU7UUGDKMYFK4<sup>3</sup>.

Prego de prescricións técnicas elaborado pola Unidade de Proxectos, con CSV IV7FZXR7PFW66VNP4M5E6LYSIQ.

Informe de Intervención de consignación orzamentaria, con CSV IV7FEX7ZJDV37JE4CF5MIRTOCU.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV IV7FE7I5PDZMZDW2YEHSCRSROU.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7FE7PJZUHJ3RB6QAMGA5RXGY.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7FE7TSHZOZ3P63RUPWM3RXMM.

Proposta de Presidencia, con CSV IV7FEDCDEBPML65CQDUBM7SQKY.

Acordo da Xunta de Goberno de data 3 de decembro de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7FGSY63YPTX7OIDT7HIBBEOY.

Acta da Mesa de Contratación do día 13 de xaneiro de 2022, con CSV IV7CQTY7JVHIJH4CY57CCU3EEU, que acordou o seguinte:

(...) “Pola Presidencia dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres que conteñen a declaración de

---

<sup>3</sup> Os códigos seguros de validación resultan accesibles na sede electrónica na dirección web: <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

cumprimento de requisitos previos dos licitadores concorrentes a esta licitación que, segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público, son os seguintes:

LICITADORES
CERO SIETE TALLER DE EQUIPAMIENTOS S.L.
INSTALACIONES Y MOBILIARIO COMERCIAL MENDOZA S.L.
KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA, S.L.

Dada conta ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado este, e considerando que todas as empresas concorrentes presentaron dentro do prazo concedido a tales efectos as súas propostas, a Mesa de Contratación acorda admitir as ofertas presentadas por todos os licitadores, procedendo acto seguido á cualificación dos sobres electrónicos, co seguinte resultado: Os Anexos I presentados polas empresas axústanse aos requisitos recollidos no PCAP.

A continuación procédese á apertura do sobre relativo aos criterios de adxudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas, cos resultados que se transcriben a continuación. A Mesa de Contratación acorda outorgar as seguintes puntuacións:

LICITADORES	PREZO OFERTADO (IVE INCLUÍDO)	PUNTUACIÓN PREZO	OFERTA ANOS DE GARANTÍA	PUNTUACIÓN GARANTÍA	TOTAL
CERO SIETE TALLER DE EQUIPAMIENTOS S.L.	68.957,90 €	85	5	15	100
INSTALACIONES Y MOBILIARIO COMERCIAL MENDOZA S.L.	75.407,20 €	77,73	5	15	92,73
KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA, S.L.	82.278,79 €	71,24	5	15	86,24

Acto seguido procédese á comprobación de se algunha das propostas está incurso en valores anormais ou desproporcionados, en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, cos seguintes resultados:

OFERTAS PRESENTADAS	Importe Oferta	Importe de la Baja	Porcentaje de Baja sobre precio base licitación	Primer Filtro (>10 unds. a la media)	Segundo Filtro de Baja Temeraria (< 10 unds a la media de las ofertas)	Tercer Filtro de Baja Temeraria (Baja superior a 25 unds.)
CERO SIETE TALLER DE EQUIPAMIENTOS S.L.	68.957,90	23.002,10	25,01%	Se incluye	No es Baja Temeraria	Es Baja Desproporcionada
INSTALACIONES Y MOBILIARIO COMERCIAL MENDOZA SL	75.407,20	16.552,80	18,00%	Se incluye	No es Baja Temeraria	No es Baja Desproporcionada
KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA, SL	82.278,79	9.681,21	10,53%	Se incluye	No es Baja Temeraria	No es Baja Desproporcionada
Media de las Ofertas Presentadas incluidas	75.547,96	16.412,04	17,85%	75.547,96		
Media Aritmética menos 10 unidades porcentuales			26,06%	67.993,17		



Á vista dos resultados, a Mesa de Contratación acorda, de conformidade co establecido no artigo 149 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP) e cláusula 13 do PCAP, conceder o trámite de audiencia á empresa Cero Siete Taller de Equipamientos S.L., para que no prazo de 5 días hábiles, xustifique e desglose razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, custes ou calquera outro, para valoración da súa oferta, e precise as súas condicións, nos aspectos particularmente sinalados no apartado 4 do artigo 149 da LCSP, que ao respecto sinala: “... en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción; as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; a innovación e orixinalidade das solucións propostas para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; o respecto de obrigas que resulten aplicables, en materia medioambiental, social ou laboral e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo do mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 LCSP; ou a posible obtención dunha axuda do Estado”, ademais do establecido na cláusula decimo terceira do PCAP que rexe a contratación deste servizo.”

Acta da Mesa de Contratación do día 1 de febreiro de 2022, con CSV IV7CSOKM2HZNT2MIU4XWGTXXIY, que acordou o seguinte:

(...) “A empresa Cero Siete Taller de Equipamientos S.L. non presentou xustificación ningunha.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

Excluír á licitadora Cero Siete Taller de Equipamientos S.L. da presente licitación, por non ter xustificando a oferta presentada, incurso en presunción de anormalmente baixa ou desproporcionada.

Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	INSTALACIONES Y MOBILIARIO COMERCIAL MENDOZA S.L.	92,73
2	KL-1 MOBILIARIO DE OFICINA, S.L.	86,24

Requirir á empresa Instalaciones y Mobiliario Comercial Mendoza S.L. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva por importe de , significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

IMPORTE DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO (excluído IVE)	IMPORTE DA GARANTÍA 5% (cláusula 10 PCAP)
62.320 €	3.116 €

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 25 de febreiro de 2022, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, de Instalaciones y Mobiliario Comercial Mendoza S.L., infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente.

En concreto, presenta: inscrición no Rexistro Xeral de contratistas de Galicia, contas de 2020 depositadas, relación de traballos e certificado de empresa, por importes superiores aos esixidos.

Consta no Rexistro Xeral de contratistas de Galicia CIF da empresa, DNI do representante, obxecto e inscrición no Rexistro mercantil, así como certificado de apoderamento.

Incorpórase documentación obtida polo Servizo de Contratación: certificados de alta en IAE, da AEAT, da Seguridade Social, certificado da Recadación Provincial, carta de pago da garantía depositada. A declaración de adscrición de medios realizouna no Anexo I.





Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Instalaciones y Mobiliario Comercial Mendoza S.L., a contratación de mobiliario para distintos servizos da Deputación de Lugo, expediente 2021/CON\_02/000082, por importe de 62.320,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 13.087,20 €, o que fai un total de 75.407,20 €, cun prazo de garantía para a totalidade dos produtos de 5 anos e prazo de entrega de un mes desde a data de formalización do contrato.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Adxudicar a Instalaciones y Mobiliario Comercial Mendoza S.L. a contratación a contratación de mobiliario para distintos servizos da Deputación de Lugo, expediente 2021/CON\_02/000082, por importe de 62.320,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 13.087,20 €, o que fai un total de 75.407,20 €, cun prazo de garantía para a totalidade dos produtos de 5 anos e prazo de entrega de un mes desde a data de formalización do contrato.

**2º.-** Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

3º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

4º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DA RENOVACIÓN DAS LICENCIAS DE SOFTWARE ANTIVIRUS PARA EQUIPOS DE POSTOS DE TRABAJO DA DEPUTACIÓN DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a acta da mesa de contratación do día 25 de febreiro de 2022, na que se recolle o seguinte:

“Contratación do subministro da renovación das licencias de *software* antivirus para equipos de postos de traballo da Deputación de Lugo. 2022/CON\_02/00003.

Primeiro.- Valoración da documentación.

Segundo.- Proposta de adxudicación, se procede.

Antecedentes:

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7CQCTNYAB7XC7PCA554YRBMY.

Providencia de inicio, con CSV: IV7CQCTPBEVK7KXJ5U54CH3QCM.

Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7CQGK6LUE37BO7Y4A5J5QQIQ.



Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7CQCTNDYWJQXUTAZQ5AMBFGE.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7CQPXJAAZ7TJE3WFGCNZTRMA.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral Adxunta, con CSV: IV7CQPXP34VCTWBDWN4DPZXUOY.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7CSSXJPMB7VBHI2ZMEMJKQIU.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7CSQP6DVHCROEJUV6VNZP76M.

Acordo da Xunta de Goberno de data 28 de xaneiro de 2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7CSKT4ZBPTTZNCAB7VLYDDFY.

Acta da Mesa de Contratación do día 21 de febreiro de 2022, con CSV: IV7C6CYYNAWDLX6IQ55TAYJQL4 que recolle as seguintes consideracións:

“Pola Presidencia da Mesa, procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Contratación do subministro da renovación das licencias de *software* antivirus para equipos de postos de traballo da Deputación de Lugo. 2022/CON\_02/00003.

Primeiro.- Apertura e cualificación da documentación administrativa e da oferta relativa aos criterios cuantificables automaticamente. (Sobre electrónico único).

Segundo.- Valoración ofertas económicas relativas aos criterios cuantificables automaticamente.

Terceiro.- Mellor valorado - Requirimento de documentación.

Primeiro.- Apertura e cualificación da documentación administrativa e da oferta relativa aos criterios cuantificables automaticamente (Sobre electrónico único).

Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento foron os seguintes:

LICITADORES
ALGORITMOS PROCESOS Y DISEÑOS, S.A.
EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L
EVOLUTIO CLOUD ENABLER S.A.

Tendo en conta que os licitadores presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura do sobre electrónico único e exame do Anexo I, acreditación dos requisitos previos, resultando que todos presentan a declaración responsable, Anexo I debidamente cuberta.

A continuación procédese ao exame do Anexo II, relativo aos criterios de adjudicación avaliados mediante fórmulas matemáticas ou avaliados de forma automática, recollidos no PCAP, resultando o que se indica a continuación.

Criterios de adjudicación avaliados mediante fórmulas	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Oferta economicamente máis vantaxosa.	90
Aumento da taxa de ampliación anual de licencias.	10
Total	100

#### Oferta Económica.

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA (SEN IVE)	PUNTUACIÓN
ALGORITMOS PROCESOS Y DISEÑOS, S.A.	17.740,00 euros	90 puntos
EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L	18.202,02 euros	87,72 puntos
EVOLUTIO CLOUD ENABLER S.A.	18.303,60 euros	87,23 puntos

\*\* “Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, excluírase para o cómputo da devandita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais á devandita media. En calquera caso, considerárase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.” Neste caso non existen ofertas incursas en baixas desproporcionadas.



Aumento da tasa de ampliación anual de licencias.

Valorarase ata un máximo de 10 puntos aquela empresa que ofrezca unha maior taxa de ampliación anual de licencias, por encima da taxa de reposición mínima do 5% prevista no prego de prescricións técnicas. Táboa resumen a presentar por cada licitador cos datos da súa proposta:

LICITADORES	VALORACIÓN	OFERTADO	PUNTUACIÓN
ALGORITMOS PROCESOS Y DISEÑOS, S.A.	Menos de 5% -> non se admite 5% -> 0 puntos 6% -> 2 puntos 7% -> 4 puntos 8% -> 6 puntos 9% -> 8 puntos 10% ou máis-> 10 puntos	10 %	10 puntos
EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L	Menos de 5% -> non se admite 5% -> 0 puntos 6% -> 2 puntos 7% -> 4 puntos 8% -> 6 puntos 9% -> 8 puntos 10% ou máis-> 10 puntos	10%	10 puntos
EVOLUTIO CLOUD ENABLER S.A.	Menos de 5% -> non se admite 5% -> 0 puntos 6% -> 2 puntos 7% -> 4 puntos 8% -> 6 puntos 9% -> 8 puntos 10% ou máis-> 10 puntos	10%	10 puntos

Segundo.- Mellor valorado - Requirimento de documentación.

A Mesa acorda, por unanimidade, publicar na Plataforma de Contratación do Sector Público aspuntuacións totais e adoptar os seguintes acordos:

Clasificar ás licitadoras admitidas atendendo a orde de prelación segundo a oferta máis baixa:

LICITADORES	PUNTUACIÓNS
1.- ALGORITMOS PROCESOS Y DISEÑOS, S.A.	100 puntos
2.- EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L	97,72 puntos
3.- EVOLUTIO CLOUD ENABLER S.A.	97,23 puntos

Requirir á empresa Algoritmos Procesos y Diseños, S.A., no caso de que sexa precisa, a documentación adicional que complemente a información extraída da consulta do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) ou do Rexistro Xeral de Contratistas da

Xunta de Galicia (RXC) ou no seu caso que presente a documentación acreditativa segundo o establecido na clausula 17 do PCAP, que deberá aportarse no prazo de sete días hábiles, pola empresa Algoritmos Procesos y Diseños, S.A de conformidade co artigo 159.4 da LCSP.”

Reunida a Mesa de Contratación a día de hoxe, 25 de febreiro, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que non foi preciso requirir a documentación ao licitador Algoritmos Procesos y Diseños, S.A., posto que se puido extraer da consulta efectuada no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia (RXC), e no servizo de Recadación da Deputación Provincial de Lugo.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación consultada é correcta.

A Mesa de Contratación á vista da documentación que consta no expediente, acorda elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

Aceptar a documentación consultada de Algoritmos Procesos y Diseños, S.A. e considerala completa.

Adxudicar á empresa Algoritmos Procesos y Diseños, S.A. con CIF: A28634046, a contratación do subministro da renovación das licencias de *software* antivirus para equipos de postos de traballo da Deputación de Lugo por importe máximo de 17.740,00 euros, aos que se engadirán 3.725,40 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 21.465,40 euros. A empresa adxudicataria comprométese a incrementar a taxa de ampliación anual de licencias en un 10 %.

A duración do contrato será de dous (2) anos, con entrada en vigor na data que figure na acta de inicio (data estimada de inicio o 1 de abril de 2022, unha vez finalice o contrato actual de subministro de licencias) ou no seu defecto, na data do documento da aceptación do contrato.



Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as 09:20 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da Mesa, Certifico.

A presente asinase de xeito dixital, deixando constancia do acontecido na sesión da Mesa de contratación sinalada no encabezado.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Algoritmos Procesos y Diseños, S.A. con CIF: A28634046, a contratación do subministro da renovación das licencias de *software* antivirus para equipos de postos de traballo da Deputación de Lugo por importe máximo de 17.740,00 euros, aos que se engadirán 3.725,40 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 21.465,40 euros, coa coa seguinte distribución por anualidades:

Ano 2022: 10.732,70. Aplicación orzamentaria 9200.216 (Administración Xeral, Reparacións, mantemento e conservación de equipos procesos de información),

Ano 2023: 10.732,70. Aplicación orzamentaria 9200.216 (Administración Xeral, Reparacións, mantemento e conservación de equipos procesos de información),

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2023 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.

A empresa adxudicataria comprométese a incrementar a taxa de ampliación anual de licencias en un 10 %.

2º.- A duración do contrato será de dous (2) anos, con entrada en vigor na data que figure na acta de inicio (data estimada de inicio o 1 de abril de 2022, unha vez finalice o contrato actual de subministro de licencias) ou no seu defecto, na data do documento da aceptación do contrato. Contémplase a posibilidade de prorrogar o contrato por un máximo de un (1) ano adicional.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- Instar á formalización do contrato, que se efectuará pola firma da aceptación polo contratista da resolución de adxudicación, conforme ao previsto no artigo 159.6 letra g) da LCSP.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INICIO DA LIQUIDACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A FINANCIACIÓN DUN EDIFICIO PARA AS TITULACIÓNS NO ÁMBITO DA ENXEÑERÍA CIVIL, FORMALIZADO O 27 DE MARZO DE 2007.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Asunto: Inicio da liquidación do Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela para a financiación dun edificio para as





titulacións no ámbito da Enxeñería Civil, formalizado o 27 de marzo de 2007, ao asunto de referencia (EXP2022/XEN\_01/000476) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítase o seguinte informe:

Antecedentes de feito.

Primeiro: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 2 de febreiro de 2007, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“1º. Prestar aprobación a las cláusulas del Convenio de Colaboración a suscribir entre esta Excma. Diputación Provincial de Lugo y la Universidad de Santiago de Compostela, y que tiene por objeto establecer la colaboración entre ambas instituciones para la financiación de la construcción de un edificio para albergar las titulaciones del ámbito de la Ingeniería Civil que se imparte en el campus de Lugo.

2º. Aprobar asimismo el importe total del citado Convenio en la cantidad de cuatro millones de euros (4.000.000,00 €).

3º. Aprobar igualmente el gasto correspondiente a esta Excma. Diputación Provincial y que asciende a la cantidad de dos millones de euros (2.000.000,00 €), con cargo al Presupuesto del presenta año 2017.

4º. Aprobar la vigencia del Convenio de colaboración establecida desde la firma del mismo hasta la conclusión total de su finalidad”.

Segundo: O Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela para a financiación dun edificio para as titulacións no ámbito da Enxeñería Civil, formalizouse o 27 de marzo de 2007.

Aos antecedentes expostos son de aplicacións as seguintes:

Consideracións Xurídicas- Administrativas.

Primeira: No citado Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela para a financiación dun edificio para as titulacións no ámbito da Enxeñería Civil, formalizado o 27 de marzo de 2007, establece literalmente que:

Cláusula Primeira,- Obxecto.

“O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela para o financiamento da construción dun edificio para albergar as titulacións do ámbito da enxeñería civil que se imparten no Campus de Lugo.”

Cláusula Segunda,- Financiación.

“O custe estimado de construción do edificio de Enxeñería Civil é de catro millóns de euros, que serán cofinanciados pola Deputación Provincial de Lugo cunha achega de ata un máximo de dous millóns de euros con carto á partida orzamentaria 42219.60100 dos seus presupostos”.

Cláusula Terceira,- Contratación.

“Os proxectos técnicos correspondentes serán elaborados pola Deputación en base aos documentos, bases e necesidades que determine a Universidade de Santiago de Compostela. A contratación destes proxectos e das obras realizarase de acordo co previsto no Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, e corresponderá a súa tramitación, adxudicación e demais trámites administrativos, á Deputación de Lugo. (...)”

Cláusula oitava,- Vixencia.

“O presente convenio ten vixencia desde a súa sinatura ata a total conclusión da súa finalidade.”

Segunda: Respecto á vixencia do convenio de referencia indicar que a Disposición Adicional Oitava da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP, no sucesivo) establece que “1. Todos os convenios vixentes subscritos por calquera Administración Pública ou calquera dos seus organismos ou entidades vinculados ou dependentes deberán



adaptarse ao aquí previsto no prazo de tres anos a contar desde a entrada en vigor desta Lei. Con todo, esta adaptación será automática, no que se refire ao prazo de vixencia do convenio, por aplicación directa das regras previstas no artigo 49. h).1.º para os convenios que non tivesen determinado un prazo de vixencia ou, existindo, tivesen establecida unha prórroga tácita por tempo indefinido no momento da entrada en vigor desta Lei. Nestes casos o prazo de vixencia do convenio será de catro anos a contar desde a entrada en vigor da presente Lei. (...).”

Polo que o Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela para a financiación dun edificio para as titulacións no ámbito da Enxeñería Civil, formalizado o 27 de marzo de 2007, non está vixente (estivo vixente ata o 2 de outubro de 2020).

Terceira: Así mesmo, no artigo 52 da LRXSP recollese o seguinte:

“1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por concorrer en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse prórroga do mesmo. (...)”  
(artigo 51-extinción dos convenios-)

“O cumprimento e a resolución dos convenios dará lugar á liquidación dos mesmos co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes. (...)” (artigo 52 -efectos da resolución dos convenios-).

Cuarto. O órgano competente para iniciar o procedemento de resolución e liquidación do convenio é a Xunta de Goberno xa que foi o órgano que aprobou o convenio, o gasto e determinou as actuacións a desenrolar.

Conclusiones.

Por todo o exposto e tendo en conta que:

A Deputación de Lugo asumiu a tramitación, adxudicación e demais trámites administrativos, tanto do proxectos como das obras, en cumprimento do establecido na cláusula

terceira do convenio de colaboración (onde non se especifica que a Deputación teña que asumir o custo da elaboración do proxecto).

Dende a Universidade de Santiago de Compostela non se procedeu ao abono do 50% de todas as cantidades desembolsadas pola Deputación, e cuxa contía ascende a 35.467,62 €

O prazo de vixencia do convenio venceu o 2 de outubro de 2020 sen acordarse prórroga do mesmo.

O convenio atópase extinguido e pendente da liquidación das obrigas derivadas do mesmo.

Infórmase favorablemente que pola Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo.

Acordar o inicio de liquidación do Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela para a financiación dun edificio para as titulacións no ámbito da enxeñería civil, formalizado o 27 de marzo de 2007 dado que o citado convenio está extinguido.

Determinar que a Universidade de Santiago de Compostela ten a obriga de reintegrar a cantidade de 35.467,62 €.

Comunicar o representante da Universidade de Santiago de Compostela de que dispón de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación deste acordo, para alegar e presentar os documentos e xustificacións que se estimen pertinentes.”

Por todo o anteriormente exposto proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Acordar o inicio de liquidación do Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela para a financiación dun edificio para as titulacións no ámbito da Enxeñería Civil, formalizado o 27 de marzo de 2007 dado que o



citado convenio está extinguido por incorrer en causa de resolución (transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse prórroga do mesmo).

2º.- Determinar que a Universidade de Santiago de Compostela ten a obriga de reintegrar a cantidade de 35.467,62 €.

3º.- Comunicar o representante da Universidade de Santiago de Compostela de que dispón de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación deste acordo, para alegar e presentar os documentos e xustificacións que se estimen pertinentes.”

Tendo en conta que na proposta anteriormente transcrita detectouse erro material no apartado relativo a “Antecedentes de feito”, no referido a numeración dos parágrafos “Primeiro” e “Segundo” nos que se reflectía “Primeiro” e “Terceiro”, faise constar que o dito erro queda corrixido nesta mesma sesión.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DA EMPRESA TECNOLOGÍAS Y SERVICIOS AGRARIOS S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSATEC) QUE SERVIU DE BASE PARA APROBAR O CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE MONFORTE PARA A ACHEGA DO MEDIO PROPIO (TRAGSA) E A SÚA FILIA (TRAGSATEC).**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“Asunto: Modificación do orzamento da Empresa Tecnoloxías y Servicios Agrarios S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSATEC) que serviu de base para aprobar o convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Monforte para a achega do medio propio “Tecnoloxías y

Servicios Agrarios S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA) e a súa filial “Tecnologías y Servicios Agrarios S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSATEC) para a realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de piscina municipal climatizada, dos servizos de cafetería e demais incluídos na instalación, e das pistas e tenis municipal da Pinguela”, formalizado o 23 de abril de 2021, e para aprobar o encargo ao medio propio “Tecnologías y Servicios Agrarios S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA) e a súa filial “Tecnologías y Servicios Agrarios S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSATEC) para a realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de piscina municipal climatizada, dos servizos de cafetería e demais incluídos na instalación, e das pistas e tenis municipal da Pinguela”, formalizado o 26 de abril de 2021, co fin de axustar os medios asignados á realización das citadas actividades, coas necesidades reais para a súa execución.

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2021/PES\_03/020825) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítase o seguinte informe

Antecedentes de feito.

Primeiro: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 23 e abril de 2021 prestou aprobación á seguinte proposta:

“1.- Considerar que se cumpren os requisitos esixidos na normativa vixente respecto dos encargos a medios propios, de acordo co establecido no art. 32 e disposición adicional 24 da LCSP, polas consideracións expostas polo Concello respecto a necesidade de cooperación que permita a prestación sen solución de continuidade e en óptimas condicións do servizo de piscina municipal.

2.- Apreciar que concorren as razóns de urxencia que expresa o Concello a través do escrito da Alcaldía, para a realización por parte de TRAGSATEC, como medio propio da Deputación, das actuacións necesarias descritas en o convenio de cooperación e os seus anexos que non poden ser atendidas de forma inmediata, nin máis eficaz por procedementos ordinarios ou extraordinarios de contratación.

3.- Considerar que concorren razóns de excepcionalidade e singularidade para a realización destas actividades, pois a utilización da alternativa contractual demoraría amplamente a resolución das necesidades que afectan o interese xeral.



4.- TRAGSATEC deberá acreditar con carácter previo ao comezo da execución do encargo, que conta cos medios persoais e materiais suficientes para a correcta realización do mesmo.

5.- No caso de que TRAGSATEC tivese necesidade de dispoñer de medios persoais complementarios ou acudir á subcontratación, deberá de axustarse na súa selección á lexislación vixente.

6.- Calquera modificación ou actualización das tarifas de TRAGSATEC serán asumidas polo Concello de Monforte.

7.- Aprobar o convenio de cooperación entre a Deputación Provincial e o Concello de Monforte nos termos do borrador que consta no expediente, e nos termos da memoria incorporada ao expediente.

8.- De acordo con o anterior, encomendar a TRAGSATEC como medio propio, a inmediata execución das prestacións, por importe de 279.608,61 €, de acordo co establecido no convenio, memoria xustificativa e documentación técnica anexa ao expediente, formalizando o correspondente documento de encarga, fixando como prazo de duración do encargo un máximo de 6 meses prorrogables mensualmente ata un máximo de 6 meses mais.

10.- A empresa pública TRAGSATEC encargarse de realizar as seguintes tarefas:

Executar os traballos derivados deste encargo a medio propio con suxeición á documentación técnica que obra no expediente correspondente, achegando os medios que resulten necesarios.

Proporcionar ao Concello de Monforte e á Deputación Provincial información periódica (mensualmente) sobre os avances das diferentes actuacións e os posibles obstáculos do obxecto do encargo, así como canta información solicíteselle sobre a realización dos traballos.

3. Proporcionar os medios materiais que sexan necesarios ao persoal que execute materialmente a prestación. O persoal dependerá exclusivamente da empresa TRAGSATEC a cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador.

Publicar, de conformidade co art. 32.6 apartado b da LCSP, o documento de encarga na Plataforma de Contratación.

Todos os gastos que se deriven do presente convenio serán abonados polo Concello de Monforte, de acordo co clausulado do convenio.”

Segundo: O convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Monforte de Lemos para a achega do medio propio “Empresa de Teconoloxías y Servicios Agrarios S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA) e a súa filial “Empresa de Teconoloxías y Servicios Agrarios S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSATEC) para a “Realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de piscina municipal climatizada, dos servizos de cafetería e demais incluídos na instalación, e das pistas de tenis municipal da Pinguela” formalizouse o 23 de abril de 2021.

Terceiro: Por resolución presidencial, de data 23 de abril de 2021, resolveuse prestar aprobación á seguinte proposta:

“1º.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local, para a aprobación do encargo a medio propio, posto que se aprecia que concorren as circunstancias de urxencia que alega o Concello de Monforte de Lemos.

2º- Aprobar o encargo á empresa Tecnoloxías y Servicios Agrarios S.A. S.M.E. M.P. (TRAGSATEC) da actividade de realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do Servizo de Piscina Municipal climatizada, dos servizos de cafetería e demais incluídos na instalación, e das pistas de tenis municipais de A Pinguela no Concello de Monforte de Lemos por importe de 279.290,63€, por un período de seis meses, prorrogables trimestralmente sen que a duración total (incluídas as prórrogas, poida exceder dun ano), con efectos dende o día 27 de abril de 2021, ata o día 26 de outubro de 2021. Os traballos executaránse de conformidade coa memoria aprobada polo Concello de Monforte de Lemos.

3º.- Formalizar e publicar o encargo.

4º.- O orzamento da actuación obxecto do presente convenio ascende á cantidade máxima de 279.290,63 € (IVE incluído), que TRAGSATEC facturará de acordo co seu sistema de tarifas e que será aboado polo Concello de Monforte de Lemos, previa liquidación acreditativa dos gastos realizados.

5º.- De acordo coa certificación emitida por TRAGSATEC, o importe das prestacións parciais que o medio propio poida contratar con terceiros non excederá do 50% da contía do encargo, sendo a porcentaxe estimada para este encargo dun 1%.

6º.- Os traballos realizaranse por TRAGSATEC co máximo coidado e dilixencia respecto a os intereses da Deputación Provincial de Lugo e ao Concello de Monforte de Lemos, e o persoal de





TRAGSATEC estará obrigado a gardar a debida confidencialidade respecto a os feitos, datos e informacións que coñeza no curso do encargo.

7º.- O encargo dos servizos e traballos definidos a TRAGSATEC non implicará delegación ou renuncia de competencia algunha propia da Deputación Provincial de Lugo nin do Concello de Monforte de Lemos.

8º.- Para a supervisión, control administrativo e seguimento dos traballos encomendados désígnase por parte do Concello de Monforte de Lemos ao técnico municipal de deportes, D. Oscar Rodríguez Pérez, e por parte de TRAGSATEC a Emilio José Pardo Álvarez, que poderán ser substituídos polo simple escrito da parte que lles designou.

9º.- O presente encargo poderá modificarse de maneira executiva pola Deputación Provincial de Lugo previo requirimento do Concello de Monforte de Lemos, cando resulte necesario para a mellor realización do seu obxecto, nos termos legalmente previstos e sen prexuízo do resarcimento a TRAGSATEC dos compromisos que puidese adquirir para a súa correcta execución tal como estaba definida con anterioridade á súa modificación.

10º.- O presente encargo poderá finalizar anticipadamente por razóns de interese público, mediante resolución da Deputación Provincial de Lugo, previo requirimento do Concello de Monforte de Lemos, sen prexuízo da continuidade daquelas actuacións que se atopasen en execución no momento da resolución, e da súa liquidación

11º.- As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución do presente encargo serán resoltas de forma executiva pola Deputación Provincial de Lugo.

12º.- Dar conta da presente resolución a próxima Xunta de Goberno Local que se celebre”.

Cuarto: O encargo a TRAGSATEC para a “Realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de piscina municipal climatizada, dos servizos de cafetería e demais incluídos na instalación, e das pistas e tenis municipal da Pinguela formalizouse o 26 de abril de 2021.

Quinto: Dende o Concello de Monforte de Lemos remitiuse, o 13 de outubro de 2021 (2021RT015671) certificado da Secretaria accidental do Concello no que literalmente se establece que na Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o 11 de outubro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Solicitar a prórroga do convenio entre Concello de Monforte e a Deputación Provincial de Lugo asinado o día 23.04.2021 para a achega do medio propio “Empresa de

Transformación Agraria S.A, SME, MP (TRAGSA) para a realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de piscina municipal climatizada, dos servizos de cafetería e demais incluídos na instalación, e das pistas de tenis municipais da Pinguela.

Segundo.- Que a execución do encargo sexa por un período de 6 meses sen necesidade de que teña que ser prorrogado mensualmente, tal e como se establece na cláusula segunda do convenio.”

Sexto: Por resolución presidencial, de data 19 de outubro de 2021, resolveuse, por avocación, prestar aprobación á seguinte proposta:

“1º) A modificación do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para a achega do medio propio “Empresa de Teconoloxías y Servicios Agrarios S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA) e a súa filial “Empresa de Teconoloxías y Servicios Agrarios S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSATEC) para a “Realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de piscina municipal climatizada, dos servizos de cafetería e demais incluídos na instalación, e das pistas de tenis municipal da Pinguela” formalizado o 23 de abril de 2021, nos termos da modificación do convenio incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia que non se vexan afectadas por dita modificación, tendo en conta que o convenio está vixente, media a vontade de ambas partes (concorrenza de interese común), e non se alteran as condicións esenciais do documento inicial.

2º) A prórroga do encargo a TRAGSATEC para a “Realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de piscina municipal climatizada, dos servizos de cafetería e demais incluídos na instalación, e das pistas de tenis municipal da Pinguela” formalizado o 26 de abril de 2021, cuxa prórroga abarcaría dende o 27 de outubro de 2021 ao 27 de abril de 2022 (6 meses).

O encargo abarcaría dende o 26 de abril de 2021 ao 27 de abril de 2022.(6 meses + 6 meses).

En base a que constátase que tanto as unidades a executar como os prezos ofertados se manteñen con respecto á encomenda orixinal e que os traballos a realizar son os mesmos que na encomenda orixinal (se manteñen inalterables os termos da encomenda).

3º) Dar conta da resolución adoptada á Xunta de Goberno na primeira sesión que se celebre”.



Sétimo: Da resolución presidencial, de data 19 de outubro de 2021 deuse conta á Xunta de Goberno na sesión ordinaria celebrada o 22 de outubro de 2021.

Oitavo: A modificación do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para a achega do medio propio “Empresa de Tecnoloxías y Servicios Agrarios S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA) e a súa filial “Empresa de Tecnoloxías y Servicios Agrarios S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSATEC) para a “Realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de piscina municipal climatizada, dos servizos de cafetería e demais incluídos na instalación, e das pistas de tenis municipal da Pinguela” formalizouse o 26 de outubro de 2021.

Noveno: A empresa Tecnoloxías y Servicios Agrarios S.A. S.M.E. M.P. (TRAGSATEC) remitiu o 9 de febreiro de 2022 (2022/PES\_03/002227) escrito no que se comunica á Deputación que “Dentro das actividades encomendadas polo Concello de Monforte no marco do encargo para a “Realización de actuacións urxentes tendentes a la prestación del servicio de piscina municipal climatizada, de los servicios de cafetería y demás incluídos en la instalación, y de las pistas de tenis municipales de A Pinguela del Ayuntamiento de Monforte de Lemos”, faise necesario realizar unha modificación no orzamento co fin de axustar os medios asignados á realización de ditas actividades, coas necesidades reais para a súa execución”.

Décimo: Dende o Concello de Monforte de Lemos remitiuse, o 22 de febreiro de 2022 (2022/PES\_03/003100) certificado do Secretario Concello de Monforte de lemos no que se notifica que a Xunta de Goberno Local do Concello, en sesión ordinaria celebrada o 14 de febreiro de 202, acordou autorizar á empresa TRAGSATEC a realizar as modificacións orzamentarias solicitadas segundo a documentación presentada por rexistro o día 09.02.2022.

Consideracións xurídico- administrativas:

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula segunda – duración- establécese que:

“O presente convenio fornecerá efectos desde o momento da súa sinatura e a súa vixencia será dun máximo de 15 meses, incluído o período de execución e liquidación dos traballos a executar. (...)”

Segunda.-O encargo abarca dende o 26 de abril de 2021 ao 27 de abril de 2022.

Terceira: O órgano competente para aprobar a modificación do orzamento de Tecnologías y Servicios Agrarios S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSATEC) é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 58.19 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP de Lugo, nº 202 do 3 de setembro de 2020).

Conclusiones.

Por todo o exposto, revisada a documentación que obra no expediente e visto que o convenio está vixente e que o encargo está en período de execución, infórmase favorablemente que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Autorizar a modificación do orzamento da empresa Teconologías y Servicios Agrarios S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSATEC)) que serviu de base para aprobar o convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para a achega do medio propio “Empresa de Teconologías y Servicios Agrarios S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA) e a súa filial “Empresa de Teconologías y Servicios Agrarios S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSATEC) para a “Realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de piscina municipal climatizada, dos servizos de cafetería e demais incluídos na instalación, e das pistas de tenis municipal da Pinguela” formalizado o 23 de abril de 2021, e para aprobar o encargo ao medio propio “Empresa de Teconologías y Servicios Agrarios S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA) e a súa filial “Empresa de Teconologías y Servicios Agrarios S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSATEC) para a “Realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de piscina municipal climatizada, dos servizos de cafetería e demais incluídos na instalación, e das pistas de tenis municipal da Pinguela” formalizado o 26 de abril de 2021, co fin de axustar os medios asignados á realización das citadas actividades coas necesidades reais para a súa execución (axuste que non supón variación no importe do mesmo).”



Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Autorizar a modificación do orzamento da empresa Tecnoloxías y Servicios Agrarios S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSATEC)) que serviu de base para aprobar o convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para a achega do medio propio “Empresa de Tecnoloxías y Servicios Agrarios S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA) e a súa filial “Empresa de Tecnoloxías y Servicios Agrarios S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSATEC) para a “Realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de piscina municipal climatizada, dos servizos de cafetería e demais incluídos na instalación, e das pistas de tenis municipal da Pinguela” formalizado o 23 de abril de 2021, e para aprobar o encargo ao medio propio “Empresa de Tecnoloxías y Servicios Agrarios S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA) e a súa filial “Empresa de Tecnoloxías y Servicios Agrarios S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSATEC) para a “Realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de piscina municipal climatizada, dos servizos de cafetería e demais incluídos na instalación, e das pistas de tenis municipal da Pinguela” formalizado o 26 de abril de 2021, co fin de axustar os medios asignados á realización das citadas actividades coas necesidades reais para a súa execución (axuste que non supón variación no importe do mesmo).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PRÓRROGA DO ENCARGO DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO SEU MEDIO PROPIO PERSONIFICADO E SERVIZO TÉCNICO, EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE DE LIMPEZA DOS DISTINTOS EDIFICIOS E DEPENDENCIAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o Informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que se recolle o seguinte:

“En relación co expediente tramitado pola Unidade de Portería e Vixilancia, relativo ao encargo da Deputación Provincial de Lugo á empresa TRAGSA do servizo de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo.

Unha vez examinados os seguintes antecedentes:

Acordo de Xunta de Goberno, con CSV: IV7FGSYZJQJM3HM4CLVX6QQRAM, do día 03 de decembro de 2021, polo que se encargan ao medio propio personificado e servizo técnico, Empresa de Transformación Agraria S.A., S.M.E. M.P. (TRAGSA) os traballos de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo por un período de tres meses prorrogable mensualmente, sen que a duración total (incluídas as prórrogas, poida exceder de seis meses), con efectos dende o día 12 de decembro de 2021 ata o día 11 de marzo de 2022. Neste acto apróbbase a memoria técnica para a realización da actividade.

Solicitud de prórroga, remitida polo medio propio a través da sede electrónica da Deputación Provincial de Lugo (RXE: 2022RT001643), acompañada do respectivo orzamento.

Informe- Proposta da Unidade de Portería e Vixilancia, relativo á prórroga do encargo á empresa Tragsa, con CSV: IV7C6KAPH553ITBMQA5MI7XXAY.

Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7C6K7LZQPKIWO6UUY4437S6U.

Consideracións xurídicas:

Primeira.- En canto a posibilidade de que por parte da Deputación de Lugo poda facérselle o encargo a TRAGSA, xa consta no informe técnico e xurídico que obra no expediente, a saber Informe con CSV: IV7FEDC42BWDRSB53U4WL5CRPY.

Segunda.- No que respecta a prórroga, xa estaba previsto no encargo inicial a posibilidade de facer tres prórrogas mensuais, sempre que as súas características permanezan inalterables. Propónse a prórroga ata que se formalice o contrato que se atopa en fase de tramitación - por



economía procedimental- por un prazo máximo de tres meses, prazo que se atopa dentro do prazo máximo previsto na encomenda orixinal.

Polo que se refire á inalterabilidade do encargo, conséntase que tanto as unidades a executar como os prezos ofertados se manteñen con respecto á encomenda orixinal.

Terceira.- Polo que se refire ao órgano competente para a aprobación de acordo co disposto na Disposición adicional segunda. Competencias en materia de contratación nas Entidades Locais, correspóndelle ao Presidente, tendo delegado na Xunta de Goberno, sen prexuízo da súa posible avocación por razóns de urxencia, á vista de que as necesidades que conduciron ao establecemento do encargo continúan vixentes, sendo preciso garantir a continuidade dos traballos que se instrumentalizan a través do encargo, e considerando que a duración do vixente encargo expirará o día 11 de marzo de 2022”.

Con base no exposto, propónse que pola Xunta de Goberno, previa fiscalización de conformidade por parte da Intervención Xeral, se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a prórroga do encargo ao medio propio personificado e servizo técnico, Empresa de Transformación Agraria S.A., S.M.E. M.P. (TRAGSA) dos traballos de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo ata que se formalice o contrato de limpeza que se atopa en fase de tramitación (expediente administrativo: 2021/CON\_02/0000046), por un período máximo de tres meses (dende o 12 de marzo de 2022, ata o 11 de xuño de 2022, ambos incluídos), e por un importe máximo que ascende a 231.276,32 euros, co desglose por centros e dependencias que se detalla no presuposto de execución que figura incorporado ao expediente administrativo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES, DA CONVOCATORIA, DO FINANCIAMENTO E DOS NOMEAMENTOS DOS**

## **REPRESENTANTES DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO PREMIO OTERO PEDRAYO, ANO 2022.**

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“A vista da notificación do expediente 2021/PES\_03/002353 efectuada pola Deputación Provincial da Coruña- informándonos da aprobación e da publicación das bases do premio “Otero Pedrayo 2022”, e co obxecto de que por parte da Deputación de Lugo se proceda a súa aprobación, publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como a necesidade de comunicar o nome das persoas que representarán a Deputación de Lugo no xurado do Premio nesta anualidade.

A vista das bases que rexerán a convocatoria do premio “Otero Pedrayo 2022” aprobadas por resolución da Presidencia da Deputación da Coruña, (resolución presidencial núm. 2022/5421, de 31 de xaneiro), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña num. 23, de 03 de febreiro de 2022.

Visto que de acordo coa cláusula 1.3, das citadas bases, a achega que lle corresponde a Excma. Deputación Provincial de Lugo como cotitular do premio é de 2.000 €.

Visto que de acordo coa cláusula 4.2, das citadas bases, a publicación da convocatoria do premio “Otero Pedrayo 2022”, realizarase, entre outros, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Visto o informe da Xefa do Servizo de Cultura.

Visto a existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente. Visto o informe da Secretaría Xeral e do servizo de Contratación e Fomento.

Visto o informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención, noque amosa a súa conformidade.

A Deputada de Cultura que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción dos seguintes acordos:





1º.- Aprobar o gasto por importe de dous mil euros (2.000€), para o Premio “Otero Pedrayo 2022”.

2º.- Aprobar e publicar as bases reguladoras da convocatoria do Premio “Otero Pedrayo 2022”, remitidas pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, segundose establece no punto 4.2 das bases do Premio Otero Pedrayo, 2022.

3º.- Delegar en dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, Vicepresidenta da Deputación de Lugo, a representación da Excma. Deputación Provincial de Lugo como membro do xurado do Premio “Otero Pedrayo 2022”.

4º.- Designar a don Antonio Reigosa Carreiras como vogal do xurado do Premio Otero Pedrayo, 2022.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **10.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

## **11.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.